



CONCELLO DE REDONDELA

ANUNCIO

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2022-0535, con data de 03/03/2022, pola que aprobou a lista definitiva das persoas admitidas e excluídas, o tribunal cualificador e a data de realización do 1.º exercicio da fase de oposición do proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza vacante de PRAZA DE OFICIAL DE MEDIO AMBIENTE (FONTANEIRO/A), (Persoal funcionario) do Concello de Redondela, incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2017 na que establece o seguinte,

“RESOLUCIÓN

As bases xerais que regulan a convocatoria para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral do Concello de Redondela publicáronse no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO)* núm.: 50, do 13/03/2015 e as súas rectificacións, no BOPPO núm.: 77, do 22/04/2016 e no núm.: 25, do 08/02/2021.

As bases específicas para cubrir unha praza vacante de persoal funcionario de OFICIAL DE MEDIO AMBIENTE (FONTANEIRO/A), pertencente á escala da Administración Especial, subescala de Servizos Especiais, clase de Persoal de Oficios, categoría Oficial, grupo C e subgrupo C2, incluída na oferta de emprego público do ano 2017, mediante o sistema de oposición, en quenda libre, publicáronse no BOPPO núm.: 25, do 08/02/2021.

O prazo de presentación de instancias iniciouse o día 21/05/2021 e rematou o día 18/06/2021.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2021-2933, con data de 01/12/2021, pola que aprobou a lista provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza vacante de OFICIAL DE MEDIO AMBIENTE (Persoal Funcionario), incluída na oferta de emprego público do ano 2017, que se publicou no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO)* núm.: 239, do 13/12/2021.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: AW6CWYKSG7FSX6FSFZHEGJFFP | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4



CONCELLO DE REDONDELA

O día 27/12/2021 finalizou o prazo establecido de 10 días hábiles para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión ou para subsanar outra documentación non excluín-te.

Tras transcorrer o antedito prazo sen que se presentara ningunha reclamación en contra desta lista provisional e de conformidade coas Bases Xerais que regulan a convocatoria para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral do Concello de Redondela, que se publicaron no BOPPO, núm.: 50, do 13/03/2015 xunto coas súas rectificacións publicadas no BOPPO, núm.: 77, do 22/04/2016 e núm.: 25, do 08/02/2021 e, de acordo coas bases específicas da convocatoria que se publicaron no BOPPO núm.: 25, do 08/02/2021, é polo que, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Elevar a definitiva a lista provisional de persoas admitidas e excluídas para a cobertura dunha praza vacante de OFICIAL DE MEDIO AMBIENTE (FONTANEIRO/A) (Persoal Funcionario), mediante o sistema de oposición, en quenda libre.

SEGUNDO: Designar o tribunal cualificador do proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza vacante de OFICIAL DE MEDIO AMBIENTE (FONTANEIRO/A) (Persoal Funcionario), que estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

Titular: Óscar Rodríguez Otero

Suplente: Manuel Comesaña Araujo

SECRETARIA:

Titular: M.^a Nieves Boullosa Rodríguez

Suplente: Manuela Docampos Pintos

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: AW6CWYKSG7FSX6FSFZHEGJFFP | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4



VOGAIS:

Titular: Antonio Tubío Fungueiro

Suplente: José Fernando Caeiro Paz

Titular: Fernando Covelo Rodríguez

Suplente: Marta Pena González

Titular: José Carlos García Taibo

Suplente: José Carlos Martínez López

TERCEIRO: A data de constitución do tribunal cualificador deste proceso selectivo será o:

DÍA: 19/04/2022

HORA: 08:30

LUGAR: Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira, s/n, Redondela.

CUARTO: As persoas aspirantes quedan convocadas para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición o:

DÍA: 19/04/2022

HORA: 11:30

LUGAR: Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira, s/n, Redondela.

QUINTO: Publicar no BOPPO, na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, o tribunal cualificador e a data de constitución do tribunal cualificador e a data de inicio da fase de oposición deste proceso selectivo.

SEXTO: Contra a resolución da alcaldesa aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta resolución (artigo 124, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou ben recurso contencioso-administrativo perante o





CONCELLO DE REDONDELA

Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE



Cod. Validación: AW6CWYKSG7FSX6FSFZHEGJFFP | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C